



-DECRETO DE ALCALDÍA-

Dado que o día **31 de Outubro do 2023**, vaise celebrar unha nova edición da **FESTA DO SAMAÍN** neste concello de Xinzo de Limia,

En aplicación do disposto no artigo 17 da Lei 10/2007 de 27 de decembro de *espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia*, en relación coa ORDE do 23 de outubro de 2020, pola que se determina *horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas*,

“Artigo 8.- Modificación de horarios.

- 1.- De acordo co artigo 17.2 da Lei 10/2017 de 27 de decembro, os horarios xerais poderán ser ampliados ou reducidos nos supostos que se establecen nos artigos 9 e 10 desa Orde.
- 2.- Corresponderá aos respectivos concellos, segundo o disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017 de 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais .

Artigo 9.-Ampliación de horarios.

- 3.- Ao amparo do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017 de 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o termo municipal ou para razóns concretas do mesmo, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como da finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas , durante a celebración de festas ou verbenas populares, co Entroido, da Semana Santa, do Nadal, facendo compatible , en todo caso, seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.
- 4.- En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario no poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche de establecementos abertos ao público, de espectáculos públicos e de actividades recreativas.
- 5.- Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de dúas horas. Polo presente, en uso das facultades outorgadas legalmente,

RESOLVO

PRIMEIRO. Ampliar en dúas horas o horario de peche ordinario dos establecementos do termo municipal de Xinzo de Limia, abertos ao público, así como a finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas durante a celebración da FESTA DO SAMAÍN 2023, na data do 31 de Outubro do 2023.





CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 - 32630 Xinzo de Limia – Tlf 988 550 111 – Fax 988 550 112
CIF P32003300C

www.xinzodelimia.gal

SEGUNDO. *Dar publicidade deste Decreto con anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, así como na páxina web deste Concello.*

TERCEIRO. *Dar conta da presente resolución ao plenario municipal.*

Documento asinado electronicamente

